

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

EXTRACTO da Orde do 27 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e consolidación do emprego a través do Programa I, para as pequenas empresas de nova creación (código de procedemento TR807I), e o Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (código de procedemento TR340E), se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (programa I, TR807I).

BDNS (Identif.): 610945.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas neste programa as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- a) Que sexan empresas de nova creación.
- b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- c) Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.
- f) Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.
- g) Que, como mínimo, o 50 % do seu capital social sexa de titularidade das persoas promotoras e que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.



2. Poderán ser beneficiarias as persoas promotoras para a axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Segundo. *Obxecto*

A finalidade deste programa é xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre as mulleres, as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego, mediante os seguintes tipos de axuda:

- a) Subvención á xeración de emprego estable.
- b) Subvención para a formación.
- c) Subvención para o inicio da actividade.
- d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 27 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o fomento e consolidación do emprego a través do Programa I, para as pequenas empresas de nova creación (código de procedemento TR807I), e o Programa II, de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (código de procedemento TR340E), se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse un millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes de todos os tipos de axudas de programa regulado nesta orde será desde o día seguinte o da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de xullo de 2022.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

